



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Outubro 2021 • Nº 260

OFICINAS XERAIS

■ A atención ao público é de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

• Consultas, información, etc...

No teléfono 981 814 612.

No enderezo electrónico vedra@concellodevedra.com

PUNTO LIMPO DE VEDRA

■ Horario:

- Martes de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- Sábado de 9:00 a 14:00 horas.

Para facer uso deste servizo chama ao 981 814 612 e reserva a túa cita.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ O Concello presta este servizo á veciñanza para eses casos nos que non poden trasladar os seus voluminosos ao Punto Limpo.

Para facer uso deste servizo chame ao 981 8146 12 e reserve a súa cita.

SERVIZO DE AVARÍAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detecta algunha avaría na iluminación pública chame ao teléfono 699 304 702 de luns a venres ou ao 902 650 365 para emerxencias en calquera horario.

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Cada terceiro martes de mes no Salón de Plenos Municipal. Para facer uso deste servizo chame ao 981 814 612 e reserve a súa cita.

En outubro a cita será o martes 19.

AVISOS DE NIÑOS DE VESPA VELUTINA NO 012

■ A Xunta de Galicia coordina a loita contra a vespa velutina, polo que os avisos de niños deberán ser notificados ao 012.




OUTUBRO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

TRANSPORTE PÚBLICO EN BUS!!

■ VEDRA NO NOVO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA.

O Concello de Vedra vén de repartir no mes de setembro en cada domicilio un exemplar da nova Guía co Plan de Transporte Público de Galicia en Vedra na que se presentan as novas e ampliadas rutas e horarios. Se non a recibiu ou ten calquera dúbida chame ao 981 814 612.



TARXETA XENTE NOVA

(Transporte Gratuito Metropolitano de Galicia)

■ LEMBRA!!

Para a mocidade galega ata os 21 anos todas as viaxes metropolitanas e interurbanas son gratuítas!

Así que usa o bus e non te esquezas de solicitar a túa tarxeta. Tes toda a información na páxina web do transporte metropolitano de Galicia.





PASATEMPO DE VERÁN



Noitiña con CIRKOTE en San Pedro de Sarandón.



Así foi a noitiña de Anda ca Banda coa colaboración do músico "Josele".



Anda ca Banda de Santa Cruz de Ribadulla na Praza das Praterías.



Noitiña de cine familiar en Trobe coa película Bruxerías.



Última noitiña en San Xíán co Grupo A Roda.



Actuación de Fiadeiro en San Xíán.



Así foi a exposición da voluntaria Antía Castro facendo un percorrido polo Pasatempo de Verán 2021.



A Ludoteca no mes de setembro.



Roteiro fotográfico "Capturando Uvas" polos viñedos da Ribeira do Ulla.



Así foi a charla da Asoc Fegadace sobre o dano cerebral, celebrada no Salón Social de Vedra.



Noite de estrelas en Vedra a través da actividade "O Camiño das Estrelas as Estrelas do Camiño" organizado polo Observatorio Astronómico e financiado polo Xacobeo 21-22.



Exposición itinerante do Concello de Boqueixón "O Pico Sacro no Códice Calixtino", na Casa das Artes de Vedra.



Stand de Vedra no "FESTUR2021" na Semana Verde de Silleda.



Avaliación final do Voluntariado Xuvenil 2021.



Clausura do programa de Voluntariado Xuvenil 2021 compartido polos Concellos de Vedra e Boqueixón.



Vedra co Camiño Miñoto-Ribeiro.



Vedra co Camiño de Inverno.

ASÍ FOI... NAS ASOCIACIÓNS



Así foi a iniciativa xuvenil da Asociación Acuxuve de Vedra.



Trofeo Concello de Vedra 2021 que disputaron U.D. Val do Ulla e o C.D. San Mamed.



A participación da AC San Campio no irmandamento entre o Pasabodeghas e o Pasacabanotes do Festiletras realizado na Aldea do Couto no que actuou a Requinta da Laxeira.



Así foi o inicio do Curso de Monitor-a de Educación Ambiental da Asoc. AMABUL.



Curso Humor Gráfico con Kiko da Silva da Asociación AMABUL, financiado pola Deputación da Coruña.



Eradicadescantia da Asociación AMABUL, proxecto financiado pola Consellería de Política Social.



Proxecto Voluntariado (Xuvenil e Sénior) da Asociación AMABUL, financiado pola Consellería de Política Social.



RENOVACIÓN DA DEMANDA DE EMPREGO

■ A renovación da demanda de emprego é obrigatoriamente presencial.

Polo tanto se quere renovar a súa tarxeta de desemprego no concello **solicite cita previa** no teléfono 981 814 692 (como mínimo 5 días antes da data sinalada).

Lembre que pode facer a renovación o día indicado na súa tarxeta de desemprego ou ata 2 días antes

ITV AGRÍCOLA EN VEDRA

■ A Unidade Móbil de Inspección Técnica a Vehículos Agrícolas na contorna do Campo da Festa de Vedra.

- **Datas:** 13, 14 e 15 de outubro.
- **Horarios:**
 - O 13 e 14 de 9:00 a 13:30 e de 15:15 a 18:00 h.
 - O 15 de 9:00 a 13:30 h.
- Cita previa no teléfono 902 309 000 ou na web www.Sycitv.Com

ATENCIÓN!

A admisión de vehículos con características especiais estará condicionada á posibilidade de realizar as operacións de inspeccións regulamentarias.

HORARIO DA BIBLIOTECA

■ **Luns, mércores e venres:** 12:00 - 15:00 horas.
Martes e xoves: 16:00 - 19:00 horas.

NOVO SERVIZO TELEFÓNICO PARA COMUNICAR CORTAS DE MADEIRA PARA CONSUMO DOMÉSTICO NO 012

■ A Xunta de Galicia habilita un servizo telefónico para o trámite de declaracións de aproveitamentos forestais para consumo doméstico a través do 012, premendo na opción "corta de madeira".

Os datos dos que deberá dispoñer antes de realizar a chamada son os seguintes:

- Número de DNI do titular da parcela ou declarante.
- Referencia catastral da parcela.
- Nome e cantidade da especie que se vai cortar.
- Volume da madeira (para este dato deberase saber o diámetro e altura aproximada dos pés que se van cortar).

Neste servizo telefónico indicaran se a parcela se pode tramitar a través dunha declaración responsable de corta (MR604R) ou se por algunha afección desta é necesario realizar o trámite de Autorización (MR604N), este último haberá que realizalo telematicamente.

Para aquelas persoas que dispoñan de certificado dixital ou chave 365 seguirá dispoñible na sede electrónica da Xunta o trámite para realizalo de maneira telemática, buscando o procedemento MR604R (declaración responsable) ou MR604N (autorización) segundo corresponda. Para máis información ou dúbidas sobre estes trámites poden contactar co Concello no teléfono 881 074 404.

XUNTANZAS DO ALCALDE COA VECIÑANZA

■ Despois desta longa e difícil etapa sen a actividade habitual volvemos a propoñer este espazo de reunión presencial de parroquia a parroquia, nas que o

alcalde se pon a disposición da veciñanza para falar e tratar temas de interese xeral así como responderá a todas as cuestións que se formulen.

DATA	LUGAR	HORARIO
Xoves 4 de novembro	Local Social de San Fins de Sales	Ás 20:30 h
Luns 8 de novembro	Local Social de Illobre	Ás 20.30 h
Xoves 11 de novembro	Centro Social de Vedra	Ás 20.30 h
Martes 16 de novembro	Local Multiusos Trobe	Ás 20.30 h
Xoves 18 de novembro	Local Social San Pedro de Sarandón	Ás 20.30 h
Martes 23 de novembro	Casa da Cultura San Miguel de Sarandón	Ás 20.30 h
Xoves 25 de novembro	Local Social Merín	Ás 20.30 h
Luns 29 de novembro	Local Multiusos San Mamede de Ribadulla	Ás 20.30 h
Xoves 2 de decembro	Local Social San Pedro de Vilanova	Ás 20.30 h
Xoves 9 de decembro	Local Social Ponte Ulla	Ás 20.30 h
Luns 13 de decembro	Local Social de San Xián	Ás 20.30 h
Xoves 16 de decembro	Casa da Cultura Santa Cruz de Ribadulla	Ás 20.30 h

POSTA A PUNTO





venres 22 de outubro

de 18:00 a 20:30 h.

Local Social de San Fins de Sales
(Casa da Escola)

Actividade dirixida para a mocidade entre os 14 e 18 anos

INSCRICIÓN PREVIA EN:
xuventude@concellodevedra.gal
PROTOCOLO COVID'19



Educación

AULA MENTOR - VEDRA

■ Proximamente abriremos a Aula Mentor do Concello de Vedra, un espazo para a formación de persoas adultas en convenio co Ministerio de Educación e Formación Profesional. Estará situada na Casa da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla.

A Aula Mentor dispón de máis de 170 cursos diferentes de moi diversas temáticas, que dan dereito a un certificado de aproveitamento expedido polo propio Ministerio.

Trátase de cursos con grandes vantaxes:

- O custe é moi reducido (por norma xeral, 48 €);
- Horarios flexibles;
- Apoio continuo dun titor e do administrador da aula, que actuará de asesor persoal e de apoio técnico.

Atenderemos a toda persoa interesada en obter máis información en aulamentor@concellodevedra.com, así como nos teléfonos 981 814 695 e 981 814 691.

Igualmente, a partires deste mes de outubro faremos presentacións en diversos puntos do noso concello




para difundir o proxecto e dalo a coñecer á poboación e empresas de Vedra. Buscamos a mellora da empregabilidade, do desenvolvemento profesional e da competitividade das nosas empresas.

A oferta formativa comprende cursos de diverso tipo:

- Relacionados coa mellora da calidade de vida: coidado na casa de persoas con dependencia, coidado de anciáns, coaching e liderado persoal, escola de pais e nais, idiomas, técnicas de estudo...
- Relacionados con coñecementos asociados a novas tecnoloxías: dende ofimática ata deseño e autoedición, redes e equipos informáticos, deseño web, certificación CISCO...
- Relacionados coa educación: educación infantil, lingua de signos, prevención de drogodependencias...
- Relacionados coa mellora profesional: atención telefónica, introdución ao *community management*, xestión da calidade, xestión de recursos humanos...

Para as empresas de Vedra dispoñemos non só de cursos específicos para o pequeno comercio, hostalaría e turismo, ou sector cultural, senón que contaremos co apoio de persoal especializado nestas materias.



VEDRA MEDRA


■ Comeza o curso “Abrindo Camiños”

Este curso 2021-22 continuamos en **Vedra medra** “Abrindo Camiños” reforzando a exploración da contorna desde o punto de vista patrimonial da man da Vía Xacobe.

Cremos que o Camiño cara a Santiago, tanto a Vía da Prata coma o Camiño Miñoto-Ribeiro, poden axudarnos a fortalecer a nosa identidade e o sentido de pertenza a este recuncho da Ulla.

Esta vez tócalle especialmente ao alumnado máis cativo (educación infantil e 1.º ciclo de primaria) participar no programa de innovación educativa Vexo, vexo Xacobeo pero todos os niveis seguirán participando nas diferentes actuacións.

A nosa aposta pola educación patrimonial con base nos bens materiais e inmateriais do Concello de Vedra continúa como o vén facendo nestes últimos seis anos e inclúe a recollida de vocabulario tradicional (Bótame un capio, app de creación propia), a toponimia (investigación, charlas, recollida), a literatura tradicional (Ulla oralmente), a música e cántigas da Ulla, o Entroido dos



Xenerais, as cantarelas de Nadal etc. O tema xacobeo non fai máis que complementar este abano temático.

Desde as aulas do CPI de Vedra seguimos loitando para que o noso sexa un PATRIMONIO VIVO.


E queremos convidar a toda a comunidade educativa e a toda a veciñanza vedresa a que se sume activamente ao noso proxecto.

Poden seguirmos na web do centro educativo e no Facebook **Vedra medra**.

Turismo

V12. DE PARROQUIA EN PARROQUIA

■ Continúa este percorrido polas nosas parroquias. No mes de outubro a protagonista será Vilanova, onde se falará de historia e arquitectura popular.



CONCURSO DE FOTOS: A CULTURA DO VIÑO NA RIBEIRA DO ULLA

■ Aínda están a tempo de participar no concurso de fotos “A Cultura do Viño na Ribeira do Ulla”. Recorden que hai catro premios de 300 euros cada un, e que despois se fará unha exposición coas fotos participantes.

Poden presentar as súas fotografías ata o 12 de novembro no e-mail casadospeons@concellodevedra.com. As fotos deberán tratar os seguintes temas:

- A paisaxe, o patrimonio e a tradición e a innovación vitivinícola na Ribeira do Ulla.
- Os labores para o coidado do viñado.
- A vendima.
- A elaboración do viño na adega.



LEMBRA... HAI VEDRA

■ Merca no comercio local!

En setembro vólvese á rutina, é o momento de prepararse para o novo curso e para todos eses proxectos que se aparcaron durante o verán, e que mellor maneira de evitar a depresión despois das vacacións que dándose un capricho ben merecido.

Axuda ao comercio local, merca en Vedra, na plataforma de venda en liña HaiVedra.



Servizos Sociais

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Xa está en marcha o programa de actividades dirixido ao colectivo de persoas maiores. Aínda está a tempo de facer a súa inscrición!

Informamos que o Centro Sociocultural permanecerá aberto de luns a venres en horario de 15:00 a 22:00 h. A zona de cafetería será habilitada como espazo de encontro. Respetarase a capacidade máxima, a distancia entre persoas e as medidas hixiénico-sanitarias. O uso de máscara será obrigatorio.

PROGRAMA:

■ **Servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias:**

de luns a venres de 10:00 ás 13:00 h. AGADEA.

CURSOS:

■ **Ximnasia de maiores:** os luns e mércores de 16:45 a 17:45 h. (grupo I), de 18:00 a 19:00 h. (grupo II) e de 19:15 a 20:15 h. (grupo III).

■ **Traballo corporal:** os martes de 18:00 a 19:00 h.

■ **Obradoiro de memoria:** os xoves de 17:00 a 18:25 h. (grupo I) e de 18:35 a 20:00 h. (grupo II).

■ **Canto-Coral:** os venres de 19:30 a 21:00 h.

Estes cursos terán un custo de matrícula de 20 € (de outubro a xuño)

OUTRAS PROPOSTAS:

■ **Bailoterapia:** 15 € ao trimestre, dende outubro a decembro: os xoves de 19:00 a 20:00 h.

■ **Hipopresivos:** 15 € ao trimestre, dende outubro a decembro: os venres de 17:30 a 18:30 h.

Previa inscrición e pagamento.

■ **Laborterapia:** pintura en roupa, "trapillo" e outros... Agrupación "Nas máns da avoa". Os martes de 18:00 a 20:00 h. Gratuíto.

■ **Obradoiro de teatro:** os mércores de 20:15 a 21:30 h.

Todas as actividades organizaranse en grupos reducidos.

Para máis información:
No Centro Sociocultural ou nos teléfonos 981 814 95 – 981 814 693.





LAV.MOV 2021 DA ASOCIACIÓN SENUNPESO

■ 29, 30 e 31 de outubro
Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla - Vedra

PROXECCIÓNS

Abertas ao público. Entrada gratuíta.

■ DHOGS

Venres 29 de outubro, 20:30 h.

2017. 85'

Dirección e guión: Andrés Goteira

Elenco: Melania Cruz, Miguel de Lira, Antonio Durán "Morris", Carlos Blanco, Iván Marcos

Mentres un estraño personaxe cruza as rúas da cidade ao volante dun taxi, no bar dun luxoso hotel está Álex, unha muller que goza dunha última copa, inconsciente do alude de acontecementos que a arroiara nas próximas horas. Unha fugaz aventura cun executivo será o preámbulo cara a unha espiral de violencia sen sentido aparente, obrigándoa a percorrer unha senda de sufrimento fóra do seu control.



Presentación e coloquio a cargo do director. Andrés Goteira.

■ SELECCIÓN DE CURTAS DO FESTIVAL DE CANS 2021

Sábado 30 de outubro, 20:30 h.

Proxección dunha escolma das curtametraxes gañadoras da última edición do Festival de Cans. Veremos algunhas das mellores curtas galegas do último ano, ademais dunha pequena peza documental sobre este singular festival de cine que se celebra cada ano na parroquia porriñesa de Cans.

■ CURTAS A CONCURSO A FUME DE CAROZO 2021

Domingo 31 de outubro, 18:30 h

Proxección das curtametraxes realizadas ao longo da fin de semana polos equipos participantes no concurso A Fume de Carozo, e elección da curta gañadora.

OBRADOIROS DE FORMACIÓN

- 30 e 31 de outubro.
- 14 h. de formación.
- 15 prazas por curso.
- Inscripción: 60 €.
- As persoas socias de Senunpeso e os veciños de Vedra contan cun desconto do 50% na matrícula.
- Prazo aberto ata o 22 de outubro.

■ RECOLLEDORES DE IMAXES: OBRADOIRO DE "FOUND FOOTAGE" con JAVIER TRIGALES

Unha análise do pasado e presente da reciclaxe de imaxes para aprender a linguaxe audiovisual do "found footage" e crear unha peza audiovisual propia a partir de imaxes de arquivo.

■ OBRADOIRO "DITsPOSTo: DO SENSOR Á PANTALLA" Prazas esgotadas con FERNANDO ALFONSÍN

Todas as claves técnicas dos fluxos de traballo con imaxe dixital desde o set de rodaxe, pasando pola posproducción e chegando aos deliveries finais en distintos formatos.

Continúa na páxina 11



CONCURSO A FUME DE CAROZO

REALIZACIÓN DE CURTAS EXPRESS coa mentorización de ANDRÉS GOTEIRA.

29, 30 e 31 de outubro.

Forma o teu equipo e realiza a túa curta en 48 h.

Premio á mellor curtametraxe: 1.000 €

Inscrición: 10 € por equipo

Prazo aberto ata o 22 de outubro

+ info e inscricións:

<https://senunpeso.org/lavmov-2021/>

QUERES PARTICIPAR COMO ACTOR OU ACTRIZ NAS CURTAMETRAXES A CONCURSO DO LAV. MOV 2021?

■ Do 29 ao 31 de outubro varios equipos participarán en Vedra no concurso de curtas express "A Fume de Carozo". Se che interesa estar dispoñible para participar como actor ou actriz, envíanos a senunpeso@gmail.com os seguintes datos: nome e apelidos, idade e dispoñibilidade horaria, e acompaña unha fotografía.

MÁIS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

■ BAILE DE SALÓN

- Día e hora: Os venres de 21:00 a 22:00 h.
- Prezo: 15 €/mes socios/as (parella 30 €).
- 20 €/mes non socios/as (parella 40 €).
- Para realizar a actividade requírese grupo mínimo.
- Profesora: Montse Barcala (Sondo Dance)

■ BAILE MODERNO

Horarios:

- Grupo infantil: Os martes de 19:30 a 20.30 h.
- Grupo para persoas adultas: Os martes de 21:30 a 22.30 h

Prezos:

- 15 €/mes para as persoas asociadas.
- 20 €/mes para as persoas non asociadas.
- Para realizar a actividade requírese grupo mínimo.
- Profesor: Diego Moreira.
- Lugar das actividades: Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón

Para máis información e inscricións nestas ou en calquera das súas actividades:
649 864 269 // 675 045 193

E-mail: acsancampio@gmail.com

Inscricións ata o 15 de outubro

A execución de todas as actividades quedarán suxeitas ao protocolo para a prevención da COVID 19 .

■ ESPAZO ACTIVO 2021

A organización deste evento lembra que a pasada edición do 2020 non se puido realizar por mor da situación sanitaria vivida... pero non podían aguantar outro ano sen actividades neste Espazo Activo da Ulla. Este ano, aínda que non se poderá celebrar a ruta gaiteira do Pasabodeghas, vanse levar a cabo distintas actividades (concertos, actividades para nenas e nenos, espectáculos...) que se informarán e anunciarán máis adiante nas redes sociais oficiais deste evento, así que estade atentas e atentos... porque este ano... VOLVE O ESPAZO ACTIVO DA ULLA!

Eso si, a organización lembra que con sentidiño, xa sabedes! Máis info próximamente en: www.espazoactivodaulla.com

CLASES DE BAILE COA AA.VV DE GUNDIÁN

■ A Asociación veciñal Virxe de Gundián proponche aprender a bailar con YESENIA TAPIA!!

Baila zumba, latino, salón,... nos seguintes horarios:

- Clases infantís: mércores e venres de 19:00 a 20:00 horas. 25 € ao mes.
- Clases para persoas adultas: mércores e venres de 21:00 a 22:00 horas. 25 € ao mes.
- Reserva a túa praza no teléfono 658 726 175.

AAVV SAN MIGUEL DE SARANDÓN

■ RECOÑECIMENTO E UTILIDADES DAS PLANTAS MEDICINAIS.

- 6, 13 e 20 de outubro de 16:00 a 20:00 h.
- Local Social de San Miguel de Sarandón.
- Inscrición e información: No mail compostela@sindicatolabrego.com e no teléfono 699 924 632.
- Organiza: Asociación Herbamoura. Colaboran: AAVV de Sarandón, Concello de Vedra e Sindicato Labrego Galego. Financia: Deputación da Coruña.

CICLO GALEGO DE TEATRO AMADOR EN VEDRA COA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

Circuíto Galego de Teatro Amador 2021

FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AFECCIONADO

Centro Social de Vedra
Avda. Mestre Manuel Gómez, 41 (O Burgo) - Vedra

16 de outubro ás 20:15 h	ANDARAVÍA TEATRO "Xacovedra"	<u>Todos os públicos</u>
17 de outubro ás 20:15h	PORTA ABERTA "Get Back"	<u>Todos os públicos</u>
23 de outubro ás 20:15 h	FALCATRUEIROS TEATRO "Mortos de risa"	<u>Todos os públicos</u>
24 de outubro ás 20:15 h	ACHÁDEGO TEATRO "Nadal na casa dos Lamelo"	<u>Todos os públicos</u>

Entrada libre ata completar aforo

PREMIO DA CULTURA GALEGA 2020 NAS ARTES ESCÉNICAS

Concello de Vedra

Xacobeo 21-22

XUNTA DE GALICIA

Asociación Cultural PAPAVENTOS

COGOMELAR 2021 COA ASOCIACIÓN AMBUL

Xornadas micolóxicas COGOMELAR

16 de outubro:
O método "hábitats, cores e formas" para o estudo de cogomelos

23 de outubro:
Os caracteres organolépticos dos fungos

30 de outubro:
As principais familias de cogomelos

31 de outubro:
A esporada, reactivos químicos e técnicas de microscopía

Imparte: Chemi Traba

Preinscrición: www.amabul.org • Prazas limitadas!!!

Lugar: Centro Sociocultural de Vedra

Máis info: 620 424 090
amabul@amabul.org
@asoc.amabul

Deputación DA CORUÑA

ASOCIACIÓN AMABUL
am a biodiversidade ulla

Aula Ambiental ULLA

Concello de Vedra

Parabéns

PARA O ESTABLECEMENTO COMERCIAL "O TERRÓN"

■ Por estar entre as seleccionadas como as mellores panaderías de Galicia e así estar incluído na "Ruta do bo pan" na nosa comunidade autónoma.

Esta panadería ha sido seleccionada y forma parte de la



PUBLICAA TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáino saber no teléfono 981 814 691 ou no correo cultura@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.